

Instrución VIII/2008 do Xerente da Universidade de Santiago de Compostela pola que se regula a dotación de vestiario profesional ao persoal laboral

O artigo 69 do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos traballadores as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade e, unha vez negociado co Comité Intercentros, o xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 31 de xullo de 2007 (DOG do día 19 setembro), dispón:

1) SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO.

A solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2008 cubrirase e presentarse persoalmente, no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6) e na Vicexerencia de Lugo (servizos centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

As prendas e postos de traballo con dereito a prenda de traballo relaciónanse no anexo a presente instrución.

2) PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 14 de xullo ao 15 de setembro do presente ano en horario de 9 a 14 h.

3) PROCEDEMENTO

3.1 Ao traballador se lle entregará un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia de Lugo no momento en que presente a solicitude.

3.2 Os traballadores destinados en Santiago,

deberán acudir co resgardo á Empresa Concesionaria: VESLA, S.L., Avda. Rodríguez de Viguri, 6-8 baixo, Santiago de Compostela, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para as diferentes talles das prendas e do calzado.

Os destinados en Lugo serán avisados pola Vicexerencia do día en que a Empresa se desprazará a esa cidade.

3.3 Única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas, o traballador entregaralle o resgardo asinado á empresa concesionaria. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do traballador solicitante.

4) OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

5) FACTURACION DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos traballadores e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto no xa mencionado artigo 69 do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2008

O XERENTE

Pedro García Moreno